

**Asunto:** Autorización de operacións Ciclos FP. Curso 23-24 cofinanciadas nun 60% pola Unión Europea no marco FSE+ Galicia 21-27.

O 9 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Esta operación encádrase no *Obxectivo Político 4. Unha Europa máis social e inclusiva*, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais, Prioridade 3. Educación e formación. Obxectivo específico ESO4.5. Mellorar a calidade, a inclusividade, a eficacia e a pertinencia para o mercado laboral dos sistemas de educación e formación, especialmente a través da validación da aprendizaxe non formal e informal, co fin de contribuír á adquisición de competencias clave (incluídas as capacidades empresariais e dixitais), e de promover a introdución de sistemas de formación dual e de aprendizaxe profesional. Medida 3.E.01 Posta en marcha de ciclos de grao medio, grao superior e cursos de especialización, especialmente en contornas rurais menos poboadas:

### **7041-43E01-01- Ciclos FP. Curso 23-24.**

Con data 22 de marzo de 2024, de acordo co procedemento establecido para a autorización previa das operacións susceptibles de recibir financiamento no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, a Dirección Xeral de Formación Profesional, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, solicitou a autorización da operación de "Ciclos FP. Curso 23-24".

A operación foi autorizada pola Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública con data 26 de abril de 2024.

De acordo co anterior, a posta en marcha dos ciclos formativos "Ciclos FP. Curso 23-24", será cofinanciada nun 60% polo Fondo Social Europeo (FSE+), no marco do obxectivo político 4 "Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais" do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Dende a Administración educativa débese garantir que, dende o inicio do curso escolar, estas medidas cumpran cos requirimentos regulamentarios dos procedementos de xestión do FSE+ para o período 2021-2027 e coas vixentes instrucións da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), co obxecto de garantir a elixibilidade dos gastos incorridos ao FSE+.

As operacións autorizadas poden consultarse na seguinte páxinas web:

Ciclos de FP: <https://www.edu.xunta.gal/portal/fse2127-ciclos>

### **Información e publicidade.**

Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito Regulamento, nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración 'Cofinanciado pola Unión Europea'. Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, en caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que resalte a axuda da Unión Europea de forma visible.

### **Indicadores FSE**

Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de



realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057. Os indicadores de realización relativos a cada persoa participante refírense á data inmediatamente anterior ao comezo da vinculación de devandito/a participante coa actuación cofinanciada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación. Así mesmo, a Administración poderá requirir en calquera momento novos datos relativos á data na que se cumpran os seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no devandito Regulamento.

Para estes efectos, facilitarase o acceso á aplicación Participa2127 a través do link (<https://participa2127.conselleriadefacenda.gal/Participa2127>) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Directora Xeral de Formación Profesional

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández

Sr./Sra. Director/a do centro educativo

